

LATÍN 4º ESO 2018-19

Procedementos e instrumentos de avaliación

Como é obvio, para a consecución de todos os obxectivos, é condición fundamental e indispensable tanto a actitude activa e comprometida na aula como a realización de cantos exercicios se propoñan para o traballo fora dela.

Faranse probas escritas en cada trimestre para seguimento do aprendizaxe. A estrutura xeral da proba final de cada avaliación constará dun texto para traducir, cuestións de morfoloxía e léxico e cuestións de cultura. Dado o carácter de lingua e de avaliación continua non se fará a media das avaliacións, senon que a nota final do curso valorará a progresión no aprendizaxe do alumnado.

Na nota de cada avaliación o resultado do exame final ponderará un 80% , o traballo e a actitude na aula un 10%, e a lectura obrigatoria 10%.

Non haberá probas de recuperación. O alumno recuperará a avaliación suspendida superando a seguinte. Se fose o caso de suspender as tres terá a posibilidade de recuperar a totalidade da materia cun exame último de contidos mínimos cunha valoración máxima de 6 puntos.

Grao mínimo de superación

- Léxico das dez primeiras unidades do libro de texto
- Morfoloxía nominal: cinco declinacións e adxectivos
- Morfoloxía pronominal: is, ea, id y qui quae quod
- Morfoloxía verbal: presente, imperfecto e pretérito perfecto indicativo flexión regular e verbo sum
- Sintaxe: relación caso-función sintáctica, oración simple, oracións coordinadas e de relativo.
- Xeografía e breve historia do imperio romano, vivenda e urbanismo, exército e campamento, vías romanas, institucións políticas e vida cotiá.
- Regras básicas de evolución fonética no paso do latín ás linguas románicas: español, galego.